

I+D xuvenil contra os incendios

Estudantes da ESO de Vigo
deseñan un avión para detectar
lumes forestais

05-03-2008

Estudantes vigueses de 15 a 17 anos
deseñarán e construírán un avión
automático non tripulado con
capacidade para detectar incendios
forestais. Trátase dun novo proxecto
dirixido polo profesor David Pérez-
Piñar López, enxeñeiro de
telecomunicacións do grupo de

tecnoloxía do sinal da Universidade de Vigo.

Baixo a súa coordinación, un equipo similar de estudantes construíu en 2006 un minisatélite que foi lanzado no deserto de Arizona (Nevada) e que obtivo o terceiro premio de minisatélites da Universidade de Stanford.

O proxecto denomínase Xornadas de Novos Científicos e está apoiado pola Axencia Europea do Espazo (ESA, nas súas siglas en inglés).

"Apoiamos isto dende o principio, porque nos impresionou o nivel que mostran estes rapaces", explicou onte Jesús Bahillo, xerente do Club Financeiro de Vigo, que patrocina o proxecto dende o ano 2003.

"A idea do avión ocorréuselles aos propios rapaces que construíron o satélite. Nun certame en Andalucía alguén lles dixo que era moi

interesante a súa achega á navegación e decidiron aplicala a un avión", indicou Pérez-Piñar.

A alma máter destes aprendices de enxeñeiros é a asociación xuvenil Doira, de Vigo, que leva o peso da organización e captación dos rapaces e rapazas interesados en participar no desenvolvemento deste tipo de prototipos.

Para construír o avión antiincendios, Doira remitiu unha convocatoria a todos os colexios e institutos da bisbarra de Vigo, dirixida aos estudantes de 3º e 4º de Eso e 1º e 2º de Bacharelato. Unha vez realizada a selección de alumnos, o avión comezará a deseñarse en marzo e deberá estar construído o 21 de xuño. Os rapaces traballarán en equipo os sábados, de 10.30 ás 20.00 horas.

O avión deberá dispoñer dunha autonomía de voo mínima de 60

minutos, un alcance de 8 quilómetros, capacidade de detección e localización dunha marca predefinida no chan; poderá transportar unha carga duns 500 gramos de peso; e terá que ter un funcionamento completamente autónomo.

Se o prototipo é bo e é seleccionado pola Australian UAV Challenge, o avión tamén será capaz de atopar unha persoa ferida nunha zona de difícil acceso e de entregarlle un pouco de auga ou medicinas.

Na súa faceta contra os incendios forestais, o *avión xuvenil* será probado no aeródromo de Beariz (Ourense), dende onde deberá probar a súa eficacia na vixilancia de zonas recentemente repoboadas e áreas con maior risco de incendios. O prototipo será deseñado de maneira que poida detectar lumes na súa fase de desenvolvemento inicial, para

permitir unha resposta máis rápida das brigadas da Xunta. "Isto podería aplicarse tanto á prevención de incendios como á extinción destes, tarefa que require asegurar que o lume non se reaviva en ningún punto,", sinala a memoria de presentación do proxecto denominado Airbot.

Os responsables de Airbot consideran que se o pequeno avión demostra a súa eficacia, a Xunta acharía un método barato para vixiar os montes.

A investigación xuvenil non só obtén resultados baratos, se non que o fai a un custo de I+D+i moi alcanzable. O plan Airbot ten un presuposto de só 17.000 euros, incluíndo a previsible viaxe a Australia dos novos investigadores encargados de lanzar e operar o avión.

"En Vigo hai moita ilusión e interese pola investigación. O que faltan é

cousas como estas para canalizala e algo máis de constancia", explicou David Pérez-Piñar. O coordinador do proxecto explicou que a maioría dos rapaces que participaron nas primeiras Xornadas de Novos Científicos de 2003 están a estudar terceiro de carreira de Enxeñaría Industrial ou de Telecomunicacións.

"Cando entrevistei un dos que deseñou o minisatélite de 2006 díxome que quería ser astronauta. Logo descubrín que non se cría capaz de facer unha carreira superior e aquilo convenceulle para facer Telecomunicacións", explica Pérez-Piñar, quen subliña que un dos alumnos de edicións pasadas xa foi seleccionado por a ESA para traballar no proxecto no que estudantes europeos deseñan un orbitador que será enviado á Lúa en 2011.

El País (ed. galicia)

.....

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/id-xuvenil-
contra-os-incendios/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/id-xuvenil-contra-os-incendios/) (07-08-2025)